

CONTO: TODOS SOIS MIS FAVORITOS

O conto pódese ver e escoitar na seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=o4O6YcPys1A>

PROPOSTAS PARA DESPOIS DO CONTO

PRIMEIRA PROPOSTA

Despois de escoitar o conto é importante que lle preguntedes os nenos/as os sentimentos que lles pasan pola que cabeza cando algún familiar colle a un irmán, curmán, amigo, para darlle un bico, ou un agarimo.

Despois de falar dos sentimentos os nenos poden facer un debuxo de como se senten eles, neses momentos de compartir a figura de apego.

Teremos que explicar cos osos senten celos uns de outros, envexa e que eses sentimentos só fan que nos sintamos mal, por iso é importante aprender a recoñecer o que nos pasa.

Estas imaxes poden axudar a que expresen mellor o que senten.



SEGUNDA PROPOSTA

Dependendo da idade do neno podes facer un debuxo dos tres osos e que lle poñan un nome a cada un, posto que no conto son o primeiro, o segundo e o terceiro, cada un ten unha peculiaridade.

Os nomes os escriben debaixo de cada oso, pode ser con axuda, ditando as letras ou copiando. Podes facer uns rectángulos para os de cinco anos para que delimiten o espazo para poñer o nome. Os de tres e catro que o poñan no espazo que precisen.



TERCEIRA PROPOSTA

Consiste en facer un xogo onde temos tres tarxetas cada unha pon primeiro, segundo e terceiro. Despois noutras tres poñemos os nomes escollidos. E xogamos cas tarxetas a facer parellas, ou como se fora un memori. Atención non se pode cambiar os nomes. Poño unha foto a modo de exemplo

